

Acordo de colaboración con IBERDROLA

O Colexio de Avogados de Santiago de Compostela subscribiu un acordo de colaboración con Iberdrola Clientes, SAU, co fin de que a empresa enerxética poida ofrecer aos colexiados interesados condicións vantaxosas na subministración de enerxía ou outros produtos e servizos relacionados coa eficiencia enerxética.

As condicións para a subministración eléctrica en media e baixa tensión son as seguintes:

- Residencial (potencias contratadas inferiores a 10 Kw)
 - Electricidade Plan Protección Iberdrola (tarifa 2.0A ou 2.0DHA): desconto sobre consumo do 6-10 %.
 - Gas Iberdrola (tarifa T1 ou T2): desconto sobre o fixo de gas do 10-50 %.
- Pequenas e medianas empresas (potencias contratadas superiores a 10 Kw)
 - Electricidade Plan Compromiso Pemes (tarifa 2.1A, 2.1DHA ou 3.0A): desconto sobre consumo do 23-25 %.
 - Gas Plus (tarifa T3 ou T4): desconto 10-12 % sobre o termo variable de gas.

As subministracións eléctricas de alta tensión terán un tratamento individualizado, tanto no prezo da enerxía como en produtos e servizos asociados.

Iberdrola comprométese a ofertar un prezo preferente individualizado a cada colexiado por pertenza a este colectivo. Adicionalmente á oferta vixente de Iberdrola no momento da contratación, cada colexiado que solicite o cambio de comercializador nos dous meses seguintes á sinatura deste acordo beneficiarase dun 5 % de desconto extra no termo da súa potencia, ademais dos descontos citados anteriormente.

Os colexiados interesados nesta oferta poderán contactar coa oficina de Iberdrola na avda. de Ferrol, 27 (Santiago) para recibir máis información.